

LOURDES NOYA FERREIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA: antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na súa sesión do 26 de marzo de 2014, aprobou a modificación do acordo sobre o procedemento de concesión de premio extraordinario en Grao e Máster, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela a 1 de abril de 2014, co visto e praxe do sr. reitor.

Vº e praxe

O reitor



Juan J. Casares Long



## **MODIFICACIÓN DO ACORDO SOBRE O PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DO PREMIO EXTRAORDINARIO EN GRAO E MASTER**

Por acordo do 27 de abril de 2012 o Consello de Goberno estableceu o procedemento de concesión do premio extraordinario en grao e máster no que se establecía entre os seus efectos a inclusión da mención do premio extraordinario no Título, tal e como acontecía nas titulacións non adaptadas ao EEES.

Sen embargo realizada a consulta sobre a súa incorporación aos títulos dos plans novos o Ministerio de Educación Cultura e Deporte non se permite a inclusión tal mención, xa que a regulación do *Real Decreto 1002/2010, de 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais* non contempla esta posibilidade.

Por outra banda a gran cantidade de premios en grao e máster establecidos no referido acordo provocou unha considerable baixada de ingresos por expedición de títulos que agora debe asumir a USC co seu orzamento ordinario. Ademais o Decreto de Prezos no que está regulada a tarifa por expedición de títulos non contempla exencións específicas como a de premios extraordinarios. Por tanto para as exencións de prezos e tarifas estarase ao que regule a lexislación estatal ou autonómica.

Procede así a modificación dos efectos da concesión do premio extraordinario de grao e máster no seguinte senso:

**PRIMEIRO.-** Modifícase o artigo 3 do “Acordo sobre o procedemento de concesión do premio extraordinario en grao e master” quedando redactado do seguinte xeito:

### **Art. 3. Efectos**

*Ao alumnado ao que se lles outorgue o premio extraordinario, expediráselles unha certificación conforme o modelo que estableza a Secretaría Xeral. A primeira certificación non reportará prezos públicos.*

*A referida mención incluírase tamén no Suplemento Europeo ao Título e nas certificacións que se expidan.*

*O alumnado con premio extraordinario poderá ter outros beneficios e prioridades que lle outorgue a lexislación vixente ou convocatorias específicas.*

**SEGUNDO.-** Este acordo non terá efectos retroactivos e entrará en vigor na data de publicación no taboleiro electrónico oficial para os premios que se concedan no curso 2014-15.